

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

ASUNTO: CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA, REPARACIÓN, MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DAS FONTES ORNAMENTAIS DA CIDADE DE LUGO. Acta apertura económica. Expdte Ref: 4-2016.

Sendo as 13.30 horas do día 2 de xuño de 2016, no Salón de Comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla, 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida polo Xefe de contratación, don Xosé Manuel Cao Rei e actuando como vocais:

- don Pablo López Paz, Titular da Asesoría Xurídica.
- don Manuel Louzao Aldariz, Técnico do servizo de contratación, actuando como Secretario.
- don Marcial Rodríguez Toajas, Interventor Xeral do Concello.
- don Manuel Regueiro Sánchez, Técnico do servizo de Parques e Xardíns.

Abre a sesión o Sr. Presidente e procédese a dar lectura do Informe técnico solicitado pola mesa de contratación con respecto ós criterios non avaliábeis automaticamente da empresa admitida á licitación e emitido polo Técnico do servizo de Parques e xardíns do Concello de Lugo, transcrito do seguinte xeito:

“Manuel Regueiro Sánchez, Xefe do servizo de Parques e Xardíns, en relación coa contratación do servizo de limpeza, reparación, mantemento e conservación das fontes ornamentais da cidade de Lugo, o cal só se presentou unha oferta que é a de SOCAMEX.

En virtude dos CRITERIOS NON AVALIABLES AUTOMÁTICAMENTE que figuran no Prego de Condicións Técnicas aprobado que é: PROPOSTA DE ORGANIZACIÓN E PLANIFICACIÓN DO SERVIZO.....ata de 4 puntos.

Valórase neste apartado a Memoria presentada explicativa da planificación do servizo. Valoráranse neste apartado os seguintes aspectos:

- 1.- A planificación, programación e organización dos traballos, valorándose a concreción, coherencia e a optimización dos recursos humanos e materiais.
- 2.- O método de execución e ordes de traballo, tendo en conta todos aqueles aspectos que incidan directamente nunha mellor prestación do servizo.
- 3.- A maior frecuencia e periodicidade na realización dos traballos.
- 4.- Calquera outro que avale e incida no mellor coñecemento e calidade do servizo a prestar.

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

XMCR/cbg

Refª: acta económica

Asunto:

Térase en conta especialmente a adecuación da proposta de organización e planificación do servizo presentada á realidade das fontes ornamentais incluídas no contrato.

Teño a ben informar con respecto a:

Apartado 1.- Tanto a planificación, programación e organización e concreción dos traballos presentados estímense adecuados ás condicións esixibles ó respecto.

Fai un mantemento preventivo (mecánico, eléctrico, limpeza, desinfección e control analítico da calidade das augas etc... e correctivo, así como configurará un Libro de Mantemento.

Apartado 2.- O método de traballo tradúcese no establecemento de unha ruta diaria visitando cada unha das fontes obxecto do contrato e levando a cabo as operacións e traballos necesarios para que se atopen en bo estado de conservación.

Apartado 3.- Realiza os traballos e operacións con unha frecuencia e periodicidade maior que a que figura no prego técnico.

Apartado 4.- Dita empresa fai constar que conta con ampla experiencia na prestación destes servizos. Así mesmo a persoa dedicada as labores de mantemento tendrá un horario de traballo de 4 horas diarias, estando dispoñible durante as 24 horas para atender calquer avería incluso fora da xornada laboral.

Por todo o antes dito a mencionada empresa SOCAMEX, obtén 3 puntos, no devandito CRITERIO NON AVALIABLE AUTOMÁTICAMENTE...”

A continuación procédese á apertura dos sobres C) da oferta económica presentada pola única empresa que licitou a este procedemento, co seguinte resultado:

- **SOCAMEX, S.A.U.** Propón como prezo de contrato 29.192,73 euros, polo que sumado o IVE (21%): 6.130,47 euros, resulta un total de **35.323,20 euros, IVE incluído.**

A continuación os integrantes da mesa proceden á valoración da oferta económica segundo os criterios de adxudicación previstos nos pregos de cláusulas administrativas particulares e a puntuación obtida pola empresa é a seguinte:

Por conseguinte o cadro final de puntuacións tendo en conta a oferta técnica mailos criterios avaliábeis mediante a aplicación de fórmulas quedaría do seguinte xeito:

	OFERTA TÉCNICA	CRITERIOS AVALIABLES MDTE FÓRMULAS MATEMÁTICAS	TOTAL PUNTUACIÓN
SOCAMEX, S.A.U.	3	6	9

Así pois en vista das puntuacións, a mesa de contratación propón como oferta economicamente máis vantaxosa a presentada pola única empresa presentada o concurso de referencia: **SOCAMEX, S.A.U.**

Sen máis que manifestar, conclúese co asunto de referencia ás 14:30 horas, no lugar sinalado no encabezamento.

O PRESIDENTE

O SECRETARIO

Asdo.: Xosé Manuel Cao Rei

Asdo.: Manuel Louzao Aldariz